

21. LIGA 2ª DIVISIÓN MINIBÁSQUET MASCULINA E FEMININA

21.1. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 19 de outubro as 18.00 hrs.

21.2. XOGADORES

A data límite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 31 de marzo do 2021.

Nesta categoría permitirase un máximo de 18 xogadores/as que poderán ter licenza por un equipo, se ben só se poderán aliñar un máximo de 12 xogadores/as por partido e un mínimo de 9.

No caso de que nas ligas zonais existan varias divisións, excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadores/as pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñadas na liga superior de cada delegación.

21.3. ARBITRAXES

As arbitraxes serán zonais.

21.4. FORMA DE XOGO

Para permitir a preparación das Seleccións de Minibásquet non se poderán poñer encontros os domingos pola tarde se algún equipo ten xogadores/as implicados.

As fases locais e a Liga FGB definiranse por estas categorías:

- a) Masculina e Mixta.
- b) Feminina.

O sistema de competición poderá modificalo o Comité de Actividades da FGB, debido ao número cambiante das inscricións nesta categoría.

FASE ZONAL

Cada Delegación organizará esta fase. As bases de competición de cada unha delas deberán ser aprobadas polo Comité de Actividades da FGB. En ningún caso poderá comezar posteriormente ao 15 de novembro e deberá rematar o 23/05/21.

En ningún caso os equipos xogarán menos de 18 partidos.

Nesta competición poderán facerse varios grupos por nivel con aqueles equipos que así o desexen, sempre que haxa un mínimo de 8 equipos.

FASE FINAL

Clasificaranse para esta fase 8 equipos, os 7 campións de cada una das zonas e 1 equipo máis da Delegación que teña máis equipos inscritos a 17.12.20.

Xogaranse catro eliminatorias efectuadas por sorteo, semifinal e final, nun campo a sinalar pola FGB. A data desta Fase Final será os días 29 e 30 de maio.

Os emparellamentos serán os seguintes:

- Equipo 1 – Equipo 2. Eliminatoria 1
- Equipo 3 -- Equipo 4 Eliminatoria 2
- Equipo 5 – Equipo 6 Eliminatoria 3
- Equipo 7 -- Equipo 8 Eliminatoria 4

- Gañador Elim. 1 – Gañador Elim. 2 (A) Semifinais
- Gañador Elim. 3 – Gañador Elim. 4 (B) Finais

- Perdedor A – Perdedor B (3º-4º posto)
- Gañador A – Gañador B (Final)

Sorteo: 24 de maio ás 18.00 hrs.

Copa Primavera

Os equipos poderán disputar a Copa Primavera, que ao efecto poderá organizar a FGB, sendo esta competición de carácter zonal e co formato que se estipule polo Comité de Actividades en base ás solicitudes para disputala.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso.

21.5. TERREOS DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial. Este terreo de xogo no que disputará os encontros deberá estar catalogado como mínimo como NIVEL III dentro da Normativa de Terreos de Xogo.

Nos encontros en que participen equipos que realicen desprazamentos e no caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Se finalmente, e por falta de previsión do equipo local, tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este, sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

21.6. BALÓN OFICIAL DE XOGO

O balón oficial de xogo para esta categoría será da marca MOLTEN minibásquet. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

21.7. DÍA DO MINIBÁSQUET GALEGO

A FGB poderá organizar, directamente ou a través dunha delegación, o Día do Minibásquet Galego, cunha finalidade de festa deportiva e de promoción da práctica do baloncesto.

21.8. XUNTANZA DO MINIBÁSQUET GALEGO

Así mesmo no mes de setembro ou outubro celebrárase a Xuntanza do Minibásquet Galego, nunha localidade a designar pola Area Deportiva da FGB.

A tal efecto non se poderán disputar partidos das ligas nestas datas.